

27 de xullo

EXIT THROUGH THE GIFT SHOP



Director: Banksy.

Intérpretes: Banksy, Shepard Fairey

Reino Unido, 2009 - 83 min

(V. O.S. en castelán)

APTA PARA TODOS OS PÚBLICOS

Formato: DVD

Thierry Guetta é un francés que vive en Los Ángeles e cuxa única obsesión é gravalo todo co seu cámara de vídeo.

O artista do graffiti Banksy somete o mundo da arte moderna a unha autopsia na que a liña entre a creación e a tomadura de pelo bórrase definitivamente. Un portentoso e vibrante "mockumentary" (ou non) que fai as preguntas correctas e evita as respostas fáciles.

* Coloquio con **Victoriano Fernández**: artista plástico vinculado á abstracción, realizou talleres con Daniel Canogar, Eduardo Arroyo e Agustín Ibarrola. II Premio no III Salón de Outono da Coruña, participou en múltiples exposicións individuais e colectivas e a súa obra forma parte dos fondos da Real Academia Galega de Belas Artes e o Museo de Arte Contemporánea Unión Fenosa, entre outros.

28 de xullo

SHE WORE A YELLOW RIBBON

Director: John Ford

Intérpretes: John Wayne, Joanne Dru

Estados Unidos, 1949 - 104 min

(V. O.S. en castelán)

Formato: DVD

"As tribos indias planean unirse para unha guerra total contra os brancos. Brittles, un veterano capitán de cabalería, recibe a orde de evitar as concentracións de indios, á vez que debe escoltar a esposa e a sobriña do seu comandante".

Calquera película de John Ford é unha obra mestra, pero se aquí sumamos unha interpretación descomunal de John Wayne, unha fotografía apabullante de Winton Hoch e un guión milimétrico de Frank S. Nugent, o resultado dispárase á estratosfera.

* Coloquio con **José Manuel López**: crítico e docente cinematográfico. Fundador da revista Tren de sombras (2004-2008) e parte do consello de redacción de Caimán Cuadernos de Cine. En 2008 coordina o libro "Naomi Kawase: el cine en el umbral" para o Festival de Cinema das Palmas e desde 2012 imparte cursos de cinema no MARCO de Vigo e no Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) de Santiago.

HORARIOS: mércores e xoves 22.30 h

ENTRADAS: 3.00 €

(Carné xove, +65 anos, desempregados, 2.00 €)

VENDA EN DESPACHO: media hora antes de cada proxección (só se quedan entradas dispoñibles).

VENDA ANTICIPADA: en conserxería, de luns a xoves de 9.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h

HALL

CINENTERRAZA

CULT- MOVIES: ANO 4

O ciclo de "CULT MOVIES" cumpre catro anos e o concepto séguese expandindo ata engrosar nas súas filas a un cineasta lendario como John Ford: nestes tempos nos que a avalancha de audiovisual consómese en presente e en diagonal, botar a vista atrás é máis importante que nunca, e as grandes obras de autores como Ford, Cassavetes ou Schoedsack achegan unha luz necesaria sobre o cinema contemporáneo. Así, neste novo caixón desastre heterodoxo e desprolixo, Werner Herzog colócase xunto a Jim Jarmusch, e un documental sobre Banksy á beira do sublime Tren de sombras. O fin de todo isto é volver gozar, debater, analizar, participar nunha actividade tan sinxela e incomparable como ver bo cinema rodeado de persoas descoñecidas. Un auténtico "grupo salvaxe" de invitados/as encargárase do resto. Longa vida a CINENTERRAZA e aos/ás seus/súas espectadores/as. Saúde!

JAVIER TRIGALES

6 de xullo

LET'S GET LOST

Director: Bruce Weber

Intérpretes: Chet Baker

Estados Unidos, 1988 - 119 min

(V. O.S. en castelán)

NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 13 ANOS

Formato: DVD

"Documental sobre a vida do trompetista e cantante estadounidense de jazz Chet Baker, dirixido polo famoso fotógrafo Bruce Weber, e que adquiriu un valor adicional tristemente inesperado ao falecer o propio Baker pouco despois"

As imaxes en branco e negro de Weber transmiten como poucas veces se viu nunha pantalla a beleza e a derrota. Un retrato humano excepcional sobre a música, a fama, o ocaso e o amor.

* Coloquio con **Diego Veiga**: (A Coruña, Noite de Samhain, 1982), instigador artístico e hiperactivo cultural, leva 15 anos na música, formando parte de bandas como Lüger, Jet Lag ou One of These Days & THRTCLab. Amante de Psicodelia, o folk anglo-céltico e a contracultura, actualmente desenvolve esa faceta espiritual e musical co proxecto de liserxia pangalaica MOURA.

FORUM METROPOLITANO



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



7 de xullo

TREN DE SOMBRAS



Director: José Luis Guerín

Intérpretes: Juliette Gaultier, Ivon Orvain.

España, 1997 - 80 min

(V. O. en castelán)

APTA PARA TODOS OS PÚBLICOS

Formato: DVD

"Na madrugada do 8 de novembro de 1930, o avogado parisiense Fleury saía en busca da luz adecuada para completar unha filmación paisaxística arredor do lago Le Thuit. Ese mesmo día, o avogado falece en estrañas circunstancias"

Unha das películas máis fascinantes que deu o cinema español en toda a súa historia erixida sobre un segredo: o do propio cinema, ese "tren de sombras" que converte a realidade nunha fantasmagoría inaprensible.

* Coloquio con **Vari Caramés**: fotógrafo. Desde 1984 participou en máis de 200 exposicións individuais e colectivas. A súa obra atópase en varias coleccións de institucións como o Centro de Arte Reina Sofía, o CGAC (Santiago de Compostela), Círculo de Belas Artes (Madrid), ou IVAM.

13 de xullo

KING KONG

Director: Merian C. Cooper, Ernest B. Schoedsack

Intérpretes: Robert Armstrong, Fay Wray

Estados Unidos, 1933 - 100 min

(V. O.S. en castelán)

Formato: DVD

"Un equipo de cinema vai rodar unha película a unha misteriosa illa. Alí os recentemente chegados descubren a existencia dunha tribo ancestral que rende culto ao gran Kong"

Epítome do cinema como marabilla, do propio cinema, 'King kong' permanece como un espectáculo insuperable, cunha heroína irrepitible e co galán cinematográfico máis grande da historia.

* Coloquio con **Julián Hernández**: músico etc. En Siniestro Total (desde 1981). Obra escrita: "¿Hay vida inteligente en el rock & roll?"; colaboracións en Faro de Vigo, El Butano Popular etc. Cinema: "La matanza caníbal de los garrulos lisérgicos" (A. Blanco), Land of Opportunity (S.T., TAC e J. López de Guereña)- Sgt. Pepper is dead (S.T.) "Tiene dos gatos"

14 de xullo

FACES

Director: John Cassavetes

Intérpretes: John Marley, Gena Rowlands.

Estados Unidos, 1968 - 130 min

(V. O.S. en castelán)

Formato: DVD

"Richard Frost, , un home de negocios de mediana idade e casado, ten unha aventura cunha moza e inmediatamente pídelo o divorcio á súa muller, a que abandona para irse vivir coa súa amante"

John Cassavetes filma as relacións humanas cunha imaxe de gran áspero viva e brutal. O alcol e as miserias cotiás converten a película nunha festa triste onde Gena Rowlands brilla coa forza da desesperación.

* Coloquio con **Antía Otero**: tras licenciarse en Historia da Arte e formarse como actriz, traballa arredor da práctica escénica e escrita. Como poeta publicou "O son da xordeira" e "(Retro)visor".

20 de xullo

AGUIRRE, DER ZORN GOTTES



Director: Werner Herzog

Intérpretes: Klaus Kinski , Helena Rojo

Alemania, 1972 - 91 min

(V. O.S. en castelán)

NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 18 ANOS

Formato: DVD

"En 1560, pouco despois da destrución do imperio inca, unha expedición española parte das montañas de Perú rumbo ás selvas do Amazonas, en busca da lendaria terra de El Dorado"

A viaxe equinoccial de Lope de Aguirre sêrvelle a Herzog para compoñer unha prodixiosa "conquista do inútil". A linguaxe xestual de Klaus Kinski e a música alucinóxena de Popol Vuh converten a travesía nunha experiencia límite.

* Coloquio con **Javier Martín** : bailarín e coreógrafo, coordina un proxecto de investigación de corte epistemolóxico arredor das artes do movemento e a creación de discurso e as súas aplicacións, o desenvolvemento de seminarios transdisciplinares de corte práctico, conferencias-performativas e desenvolvemento de grupos de investigación. O seu último espectáculo foi xunto ao soado pianista ruso Oleg Karavaichuk.

21 de xullo

NIGHT ON EARTH



Director: Jim Jarmusch

Intérpretes: Winona Ryder, Gena Rowlands

Estados Unidos, Japón, 1991 - 129 min

(V. O.S. en castelán)

NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 18 ANOS

Formato: DVD

"Película dividida en historias independentes a través das cales Jim Jarmusch presenta o panorama nocturno de cinco grandes cidades (Los Angeles, Nova York, París, Roma e Helsinqui), cun taxi, e o que nel ocorre desde o anoitecer ata o amencer dun mesmo día, e obviamente con diferentes personaxes, como fío condutor"

Jarmusch volve aos seus personaxes solitarios, ás súas narracións sincopadas e a unhas contornas urbanas e nocturnas. Cada historia encaixa á perfección coas súas compañeiras, un mecano emocional matematicamente puro.

* Coloquio con **Nieves Abarca**: nacida na Coruña en maio do 68, é licenciada en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela, e máster en Xornalismo. Traballa no Concello da Coruña e é escritora de novela negra. Publicou catro novelas, "Crímenes exquisitos", "Martyrium", "El hombre de la máscara de espejos" e "Los muertos viajan deprisa". Actualmente está escribindo a quinta.